

**INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 2/2005
SOBRE SINATURA DE ACTAS DE CUALIFICACIÓN DE TERCEIRO CICLO**

Co fin de establecer o procedemento que deberá seguirse para a elaboración e sinatura das actas de cualificacións do terceiro ciclo, especialmente nos casos de ausencia do profesor responsable do curso,

ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVE:

1. As actas de cualificación dos cursos de doutoramento serán elaboradas e asinadas en todas as súas follas polo profesor ou profesores responsables dos mesmos, no documento e nos prazos que se determinen, de conformidade coas normas que regulan os estudos de terceiro ciclo e a xestión académica na Universidade de Santiago de Compostela. As actas serán tamén asinadas polo secretario do departamento ou instituto responsable do programa de doutoramento no que se integra o curso, como recoñecemento da sinatura do profesor ou profesores asinantes.
2. Se por perda de relación coa Universidade, falecemento, pertenza do profesor a outra Universidade, ausencia prolongada ou outra causa xustificada o profesor encargado da materia ou curso non puidera asinar a acta, ou non puidera facelo no prazo previsto, a acta será asinada en tódalas súas follas polo coordinador do programa de doutoramento no que se integra o curso, e na derradeira polo secretario do departamento ou instituto responsable de dito programa, que fará constar as causas polas que o profesor encargado non asinara, ademais de cumprir o recoñecemento de sinatura consonte ao disposto no apartado anterior.
3. Nos casos nos que a imposibilidade de sinatura da acta polo profesor responsable do curso non impida coñecer as cualificacións que ao seu xuízo proceden, o coordinador do programa de doutoramento deberá asegurarse de que estas sexan as cualificacións efectivamente outorgadas. Cando sexa posible, a avaliación do profesor do curso constará por escrito asinado por el/ela e será arquivada xunto coa acta de cualificacións.
4. Transitoriamente, durante o presente curso académico 2004-2005 poderán elaborarse as actas de cualificacións de conformidade con anteriores instrucións.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2005

O SECRETARIO XERAL

Joaquín Rodríguez-Trubas Muñiz

Exmo. Sr. Vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente; Srs. directores de departamentos e institutos; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica